



IV ENCONTRO DE DEBATE SOBRE O MEDIO RURAL


“OS NOSOS PROXECTOS:
ACADANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS”

BOIMORTO, 6 E 7 DE NOVEMBRO DO 2009

ORGANIZA



COLABORAN





MEMORIA FINAL DA ACTIVIDADE

1. Xustificación.
2. Profesores e profesoras participantes.
3. Relatores.
4. Desenvolvemento da actividade.
5. Principais conclusións.
6. Valoración global da actividade.

ANEXOS

- I. Acta de avaliación final.
- II. Díptico onde se convocaba a actividade.
- III. Cuestionario de avaliación cumprimentado polos participantes.
- IV. Dossier de prensa (escolma).
- V. Dossier fotográfico (escolma).

**IV ENCONTRO DE DEBATE SOBRE O MEDIO RURAL:
“OS NÓSOS PROXECTOS: ACADANDO AS COMPETENCIAS
BÁSICAS”**

Boimorto, 6 e 7 de novembro de 2009

MEMORIA DA ACTIVIDADE

1. Xustificación da actividade.

Nesta cuarta edición pretendíase afondar nalgunhas temáticas que inciden directamente no proceso de cambio que afecta ao medio rural desde hai xa varias décadas. Así, pulsouse a situación actual do medio rural galego, considerando diferentes indicadores e a súa repercusión na calidade de vida das persoas. Igualmente, debateuse sobre o sentido da educación neste contexto, poñendo o foco na análise crítica das competencias nos proxectos educativos desenvolvidos nas nosas escolas.

En liña coas conclusións aprobadas nos tres Encontros anteriores, foron presentadas as propostas e accións dos colectivos e organizacións comprometidos coa defensa da educación no rural, e dedicouse un espazo para a presentación de experiencias educativas, proxectos, recursos innovadores, e estudos e investigacións sobre distintos aspectos relacionados co medio rural.

Co obxecto de poñer en valor o potencial educativo do medio rural, analizáronse desde a óptica didáctica experiencias desenvolvidas en diferentes centros de Galicia, ao tempo que se buscou a perspectiva que, sobre a realidade actual da educación neste medio, teñen diferentes especialistas.

2. Profesores e profesoras participantes na actividade.

Asistiron un total de 79 profesores e profesoras dun total de 80 matriculados. A maior parte dos participantes foron profesionais do ensino público, do ámbito do medio rural. Os asistentes procedían practicamente de todo Galicia.

3. Relatores/as participantes na actividade.

No desenvolvemento do Encontro participaron os seguintes relatores e relatoras:

- CANDAMIO FOLGAR, PILAR. Mestra do CEIP de Présaras – Vilasantar.
- CARTÓN RODRÍGUEZ, JAVIER. Mestre e Director do CEIP de Présaras – Vilasantar (persoa non incluída no programa orixinal, que acudiu como segundo relator da experiencia “O salón”).
- CINZA SANJURJO, PATRICIA. Mestra do CPI “Cotarelo Valledor”, de Boimorto.
- COUSO VÁZQUEZ, CONCEPCIÓN. Mestra do CPI “Cotarelo Valledor”, de Boimorto.
- DIÉGUEZ ROXO, M^a XESÚS. Profesora do IES de Ponte Caldelas.

- GARCÍA FERNÁNDEZ, EMILIO ANTONIO. Profesor do IES “Agra de Orzán”, da Coruña. Moderador da Mesa Redonda final.
- LABRAÑA GONZÁLEZ, ZELTIA. Profesora do IES Melide.
- LÓPEZ PARDO, ALICIA. Mestra do CRA de Bergondo.
- LÓPEZ SUÁREZ, MANUEL VICENTE. Profesor do CPI “Cotarelo Valledor”, de Boimorto.
- MARTÍNEZ GARGAMALA, HUMBERTO. Profesor do IES de Ponte Caldelas.
- MARTÍNEZ VIDAL, LUÍSA. Mestra do CEIP “Pastor Barral”, de Melide, que acudiu en representación da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional.
- OCA FERNÁNDEZ, ANTONIO. Axente de Extensión Agraria.
- OGANDO DÍAZ, CRISTINA. Profesora do IES de Ponte Caldelas.
- PÉREZ PÉREZ, XULIO. Profesor do IES Melide.
- PÉREZ PIÑÓN, FRANCISCO. Profesor do CPI “Cotarelo Valledor”, de Boimorto.
- PRADO CONDE, SANTIAGO. Antropólogo.
- RAMOS RODRÍGUEZ, XOSÉ. Profesor do IES de Arzúa.
- SEIJAS FUNCASTA, ISABEL. Mestra do CPI “Cotarelo Valledor”, de Boimorto.

4. O desenvolvemento da actividade.

Para procurar a consecución dos obxectivos a partir dos cales se concibía o Encontro, foron deseñadas unha serie de actividades que, respectando a súa sucesión cronolóxica, desenvolvéronse tal e como se sintetiza a seguir.

Día 6.

Durante a inauguración do Encontro, as diferentes persoas participantes na mesma puxeron de manifesto a idoneidade da súa convocatoria, nun momento de total incertidume no medio rural, e o acerto na elección do lugar de celebración do mesmo, en plena comarca da Montaña e nun concello eminentemente rural.

A conferencia inuagural foi pronunciada por Antonio Oca Fernández, axente de Extensión Agraria e persoa con responsabilidades na administración en tempos pasados. Ao longo da súa intervención debuxou un panorama, en todo punto delicado, sobre o mundo rural, tando desde a óptica económica como desde a social e cultural.

A primeira mesa de experiencias contou co relatorio de tres proxectos desenvolvidos en centros da zona sobre, respectivamente, a análise do cadro das Meninas, de Velázquez, a posta en valor do xogo tradicional, e a concepción dun proxecto musical, a partir do centro escolar, desde a óptica dun concello. Foron as tres experiencias moi valoradas toda vez que as tres exposicións foron realizadas con material visual e con realizacións prácticas do alumnado, elementos estes que clarificaron as diferentes fases do desenvolvemento de cada unha delas.

Día 7.

Na segunda das mesas presentáronse tres novas experiencias: unha relativa ao traballo arredor dun conto dixital, outra sobre un proxecto de mediación escolar, e unha terceira sobre un proxecto de radio escolar de quince anos de vida. As tres experiencias foron tamén expostas con material audiovisual, o que permitiu que os asistentes puidesen comprobar por si mesmos/as algúns logros acadados en cada unha delas. O proxecto arredor do conto dixital correspondía ao CPI "Cotarelo Valledor", de Boimorto, o de mediación escolar ao IES "Carlos Casares" de Viana do Bolo, e o de radio escolar ao IES Melide. Como relator desta última experiencia acudiu tamén un alumno do referido centro, feito este que foi moi valorado polos asistentes.

A terceira mesa de experiencias contou coa exposición de dous novos proxectos. O primeiro deles correspóndese á Biblioteca ("o salón") do CEIP de Présaras, en Vilasantar, centro onde o modelo de ensino xira xustamente a partir da Biblioteca do centro e dos seus diferentes habitáculos. O segundo desenvolveuse no IES de Ponte Caldelas, e consistiu nun ambicioso traballo de recuperación e posta en valor do patrimonio da comarca. Este segundo proxecto presentado recibiu o premio "Antonio Fraguas", do Museo do pobo Galego, na súa edición do ano 2006.

Pola tarde levouse a cabo a última das mesas de experiencias. A primeira delas, desenvolvida no IES Melide, consistiu na recuperación da memoria histórica referida á electrificación da vila de Melide, ocorrida hai xustamente un século. Trátase tamén dun ambicioso proxecto que recibiu o premio "Fraguas" na súa edición do ano 2007. A segunda das experiencias desta mesa fixo referencia á recuperación da memoria de Xohán Vicente Viqueira desde o CRA de Bergondo, e, obviamente, con alumnado das primeiras idades.

A mesa redonda final xirou arredor do tema xenérico "Que competencias no medio rural?", e converteuse nun momento de esclarecedor debate sobre o momento que se vive nos centros rurais en canto a como enfocar os procesos de ensino-aprendizaxe desde a óptica da avaliación por competencias. As perspectivas foron moitas e moi diversas entre os asistentes, e mesmo os relatores desde moi pronto tiveron que cederlle a palabra ao público, toda vez que existía un interese xeneralizado por expoñer as propias visións sobre o problema.

O Encontro pechouse, por esta orde, cunha cata de queixo de produción local, e cunha intervención do contador Celso Sanmartín, especialmente celebrada tanto pola súa orixinalidade como polo feito de estar centrada, xustamente, na problemática rural e na óptica dos nenos e nenas rurais.

A pesar de que o Encontro se demorou unha hora e media máis alá do tempo previsto, o último acto, antes da despedida, consistiu na posta en común das principais conclusións, que se reproducen noutro lugar desta Memoria.

5. Principais conclusións.

Despois dos dous días de traballo e do debate desenvolvido sobre todo durante a mesa redonda final, as principais conclusións ás que chegaron os asistentes poderían sintetizarse así:

- Os/as participantes no IV Encontro de Debate sobre a Educación no Medio Rural celebrado os días 6 e 7 de novembro de 2009 en Boimorto queremos, dende aquí, coa nosa presenza e coas nosas contribucións facer un chamamento en defensa da educación rural. Porque todas e todos nós sabemos que, a pesar das carencias de medios e recursos humanos e materiais, a pesar do illamento e das medidas

educativas restritivas, no rural e na nosa escola atópase o cerne da innovación e da calidade.

- Dende Nova Escola Galega pretendeuse coa convocatoria do Encontro mostrar a ilusión, o esforzo e a profesionalidade cos que moitas mestras e mestres están a desenvolver orixinais e innovadores proxectos. Proxectos que dan vida á escola, ao medio no que se desenvolven e que favorecen a adquisición das competencias básicas que a nova normativa promove.
- Queremos tamén convidar ao debate, á reflexión crítica sobre a situación da nosa escola rural e sobre a pertinencia destas competencias no noso medio.
- Considerando a fundamentación das experiencias presentadas e o debate suscitado arredor do traballo educativo por competencias, parece que este planeamento está sendo entendido como unha oportunidade para vincular as necesidades formativas das persoas coas demandas do seu medio vital sobre a base de educar o autoaprecio.
- A fin de manter un discurso e unhas prácticas coherentes co modelo de escola pública que defendemos, cómpre non esquecer a orixe do discurso das competencias, que as vincula ao ámbito económico-empresarial, mantendo, en consecuencia, a necesaria atención para non confundir o sentido e as finalidades educativas do noso traballo pedagóxico.
- A calidade dos proxectos e experiencias presentados susténtase na idea do educar no autoaprecio de aquilo que nos identifica como comunidade, sen renunciar a axudar ao alumnado a deconstruír e interpretar as súas condicións de vida no rural. Neste marco sinálase a necesidade de mellorar os procedementos e estratexias de participación das familias e doutros actores da contorna co obxecto de xerar as necesarias sinerxías e complicidades educativas.
- A calidade das experiencias presentadas e a necesidade da súa difusión e recoñecemento no ámbito profesional e social, debe implicar un esforzo por parte da administración educativa, como xa se ten reclamado en anteriores ocasións. Nova Escola Galega comprométese, na medida das súas posibilidades, a traballar nesta liña, convocando novas actividades de formación, ofrecendo igualmente espazos de difusión na Revista Galega de Educación, e ampliando as posibilidades da súa páxina web para acoller experiencias de referencia neste ámbito.
- Os/as participantes neste IV Encontro de Debate, facendo propias as conclusións e posicionamentos enunciados en anteriores edicións e que aínda non atoparon resposta, reclaman de maneira urxente a articulación dun plan integral sobre o medio rural, como prioridade para a administración galega en clave de País.

6. Valoración global da actividade.

Os participantes no Encontro cumprimentaron un cuestionario de avaliación –que se ofrece como Anexo III á presente Memoria- a partir da análise do cal se trata de sintetizar a continuación a valoración global realizada.

1. Asistirías a outro Encontro destas características?

Si – 97%

Non – 3%

2. En conxunto, o Encontro respondeu ás expectativas que tiñas depositadas nel?

Moito – 44%

O agardado – 53%

Pouco – 3%

3. Cal é a túa opinión sobre o título que se ofrecía no programa en cada unha das actividades, en relación co que foi realmente a súa realización práctica?

Moi boa - 43%

Boa - 54%

Regular – 3%

4. A calidade das intervencións dos relatores/as que interviñeron no Encontro considérala:

Moi boa - 48%

Boa - 40%

Regular – 12%

5. Cualifica de 1 (a cualificación máis negativa) a 5 (a máis positiva) cada unha das actividades desenvolvidas

Conferencia inaugural: *A situación do medio rural...* – 3,6

Mesa 1: *As Meninas...* – 4,5

Mesa 1: *O xogo tradicional...* – 4,1

Mesa 1: *Música para un concello...* – 3,6

Mesa 2: *Conto dixital...* – 4,2

Mesa 2: *Mediación escolar...* – 3,9

Mesa 2: *Falamelide...* – 4,7

Mesa 3: *O salón...* - 4,9

Mesa 3: *Non deas a esquecemento...* – 4,2

Mesa 4: *Electrificación...* – 3,8

Mesa 4: *Xohán Vicente Viqueira...* – 4,1

Mesa redonda final... – 4,2

O contrapunto de Celso Sanmartín... – 5,0

6. Valora, xenericamente, o cumprimento dos obxectivos do Encontro:

Para a maioría dos asistentes os obxectivos foron acadados satisfactoriamente. Unha persoa valorou o deseño do Encontro como excesivamente focalizado nas experiencias prácticas e outra persoa cuestionou a perspectiva da nai presente na mesa redonda final.

7. Valora, xenericamente, o cumprimento dos contidos do Encontro:

Mayoritariamente a resposta foi tamén en sentido positivo. Tres persoas valoraron especialmente o enfoque práctico do Encontro e unha entendeu que se dera un desequilibrio de contidos en favor do ensino primario.

8. A túa opinión sobre os materiais empregados no Encontro é:

Moi boa - 35%

Boa - 58%

Regular – 7%

9. As datas de celebración do Encontro parécenche:

Moi ben – 46%

Ben – 50%

Regular – 4%

10. Cal é a túa opinión sobre a relación horario teórico – horario real no desenvolvemento do Encontro?

Moi boa – 20%

Boa – 73%

Regular – 7%

11. O tempo destinado a cada unha das actividades, e en conxunto, pareceche:

Moi ben – 27%

Ben – 69%

Regular – 4%

12. Que opinión che merecen os lugares (interiores e exteriores) onde se desenvolveu o Encontro?

Moi boa – 31%

Boa – 62%

Regular – 7%

13. A túa opinión sobre a organización xeral do Encontro é:

Moi boa – 62%

Boa – 38%

14. Espazo reservado para que digas todo o que che quedou por dicir:

Algúns dos comentarios realizados foron os seguintes:

- Ánimo á organización para a organización de posteriores Encontros.
- Moi acertado o enfoque práctico, con utilidade na aula.
- Moi ben a intervención da nai na mesa redonda, que obriga a que os profesionais deixemos de nos mirar o embigo.
- Mágoa da falta de tempo para a exposición dalgunhas das experiencias.
- O espazo da Casa de Cultura de Boimorto quedou algo escaso para a exposición de materiais.
- ...

Desde a perspectiva da Comisión Organizadora, o Encontro cumpriu sobradamente os obxectivos a partir dos cales foi convocado. Por unha parte, permitiu afondar no debate sobre a situación actual do medio rural. Por outra, contribuíu a poñer en común diferentes proxectos e experiencias educativas susceptibles de ser adaptados noutros centros diferentes a aqueles nos que naceron.

Boimorto, 12 de novembro de 2009
A COORDINADORA DO ENCONTRO

A PRESIDENTA DE
NOVA ESCOLA GALEGA

Asdo.: Margarita Graña Bermúdez

Asdo.: M^a Dolores Candedo Gunturiz